

Actividades ano 1989:

Na Asemblea Xeral Ordinaria o 3 de decembro do 1988, e nela a Xunta Directiva do Centro Cultural “Vista Alegre” concede a **placa acreditativa, da nominación, de socio de Honor do Centro a Dna. Amparo Balboa Iglesias.**

Así mesmo maniféstase a ledicia de que o Grupo de Baile Xirandola, a Banda de Música Recreativa e Cultural de Bandería e máis a, recentemente creada Sociedade Deportiva Bandeira tivesen a súa Sede Social nas instalacións desta Asociación Cultural.

Segundo sabemos dunha acta da reunión da Xunta Directiva, celebrada o 21 de xaneiro de 1989, é neste momento cando se independizan a xestións económica da Banda e de Xirandola, apartando os seus fondos dos xerais da asociación. Os dous fillos da actividade asociativa fanse grandes, e xa poden camiñar por si. Comezan a voar, e aínda que a banda xa se formara antes que a Asociación Vista Alegre, xa tiñan 9 anos de existencia, é neste momento cando contan con contas propias nas entidades financeiras.

Tamén en xaneiro se constitúen os novos membros da Xunta Directiva, xa que por non haber candidaturas na asemblea de decembro de 1988, asumiu a presidencia por outros dous anos Dona Josefa Ferreiro García, quen refixo a directiva en xaneiro de 1989, que quedou conformada así: *(ver foto 6)*

Presidenta: *Josefa Ferreiro García.*

Vicepresidenta: *Mercedes García Blanco.*

Secretario: *Manuel Fernández Alén.*

Tesoureiro: *Alfredo López Mosquera.*

Vogais:

Soledad Mejuto González.

Francisca Villaverde Campos.

M^a Teresa Casal Tato.

Manuel Vieitez Costoyas.

D. Manuel Vieites Costoyas, demitiría verbalmente meses máis tarde. Por outra banda, o Alcalde Juan Salgueiro, tamén demanda da directiva, oito compoñentes para a Comisión de Festas do Verán. Coma sempre, a asociación non fallou, e forneceu ao rexedor de xente para facer a festa.

Como activiades realizadas ao longo deste ano, destacaron as obras de mantemento realizadas, con cambio de chaves incluído, as colaboracións nas que interviu este centro e máis o Estado de Contas actual. O Capitulo de Xestións Oficiais non se incorpora xa que, tódalas realizadas, foron denegadas.

A directiva fai constar expresamente que deixa a interpretación de cada un se as actividades foron ou non conseguidas, deixando claro que todas elas foron concebidas, programadas e levadas a feito por un grupo de xente que traballa xunto e polo ben dun pobo.

Actividades:

O día do Nadal, por cuarto ano consecutivo, celébrase a Festa Infantil do “Papá Noel”. No seu percorrido polas rúas acompañou a Banda de Música, e nos locais do Centro o Papá Noel repartiu de novo larpeiradas, e seguidamente actuou o paiaso Tanito.

O luns de entroido, nos locais do Centro, celebrouse a III Festa Infantil de Disfraces, e organizouse un baile de disfraces no que os asistentes foron convidados a refrescos e caramelos, así como obsequiados con caretas, globos, antifaces, etc.

Dende finais de marzo a primeiros de abril organizaron a III Semana Gastronómica e a I Demostración de Montaxe e Decoración de Mesas. Estas demostracións estiveron todas feitas polo profesorado da Escola de Hostelería de Santiago, e tiveron nada menos que 79 asistentes.

No mes de xuño tivo lugar un importante evento. Foi a organización, xunto co Concello de Silleda, da Homenaxe a D. Roxelio Abades (*ver foto 7*) secretario da Sociedade Pro-Escolas de Bandeira na Arxentina, e Socio Fundador dela. Este eminente persoeiro, foi convidado polo Concello a visitar a terra pola que tanto traballou, despois de moitos anos de residencia na capital bonaerense, onde estaba instalado, xunto coa súa familia.

O homenaxeado foi recibido ás portas do edificio polas autoridades municipais e representantes da Xunta Directiva do Centro. De seguido, no salón de actos, despois da entrega dunha placa e outros motivos da cerámica de Sargadelos, levouse a cabo a intervención das distintas autoridades, por parte do Concello e máis do Centro Cultural, actuou a Banda de Música Recreativa e Cultural de Bandeira. Ao remate do concerto da Banda todos os asistentes comeran o polbo que se serviu nos xardíns do Centro.

No mes de xuño, tivo lugar a organización da **primeira excursión**, foi a Portugal, e contou coa asistencia de 56 socios colaboradores. Visitaron o Monte de Santa Lucía, en Viana do Castelo, o Bom Xesús, de Braga, xantaron en Barcelos, fixéronse compras en Cahamiña para de regreso cear nada menos que en Arcade.

O 20 de outubro comezou, na “terrazza” do Centro, un curso de Artesanía do Traxe Rexional, (*ver foto 8*) con 15 alumnos, solicitado pola Axencia Municipal de Desenvolvemento, e subvencionado polo Concello e a Consellería de Traballo.

Seguen de forma continua, as actividades consideradas como de carácter permanente: máquina de escribir, solfexo e baile tradicional.

Colaboracións:

Na Festa do San Cristovo, conmemorou o seu I Aniversario, o Grupo de Baile Xirandola, cunha actuación ás 7 do serán, no Campo da Feira, a que asistiu gran cantidade de público.

Con motivo da organización do III Campionato de Fútbol Sala, Bandeira 89, o Centro Cultural presentou un Equipo, dotado de uniformes, e facéndose cargo de todos os gastos ocasionados, por dito equipo.

Organizouse este ano o **I Festival Folclórico de Bandeira** e o grupo Xirandola actúa con grande éxito en dito certame.

Segue colaborando intensamente coa Comisión de Festas da Empanada 89, coa chegada ao premio á Orixinalidade, representado por unha figura de Sargadelos, por terceiro ano consecutivo. O grupo Xirandola actúa tamén nesta Festa.

Establece intercambios culturais coa Asociación Cultural “O Cruceiro” de Vila de Cruces participando con seu “Grupo de Baile na IV Feira de Agosto, organizada pola devandita Asociación. Así mesmo, tamén se establecen os primeiros contactos, que veremos como logo se transforman en lazos de forte colaboración, co Centro Cultural “Rosalia de Castro” de Cacheiras, con forte compoñente artística musical e folclórica, que participa de forma totalmente desinteresada no I Festival Folclórico de Bandeira.

Colabora a nosa asociación tamén coa Banda de Música Recreativa e Cultural de Bandeira e máis coa Sociedade Deportiva de Bandeira, creada este ano, prestando as súas instalación para ser a Sede Social das dúas Sociedades.

Mantemento:

Instaláronse en 1989 no Salón de Actos, un Equipo de Megafonía subvencionado polo Concello e ampliado por esta Xunta Directiva coa compra de novos micrófonos e altafalantes.

Outras “obras menores”, foron a pintura do Salón de Actos e máis do hall da entrada principal do edificio, a instalación de rieles e cortinas na Biblioteca e máis no local destinado aos ensaios da Banda de Música, ou a colocación de 3 balcóns, de ferro forxado, nos locais da primeira planta.

Parte importante do Centro, foi neste ano a adquisición dunha iluminación máis axeitada, mobles e volumes novos para a biblioteca. Cabe destacar neste apartado a compra de todos os títulos editados da colección infantil “Asterix” que con tanta avidez lían por estes anos nenos e nenas. Comezáronse a compilar as actividades de “reportaxes fotográficas” e “videos” das principais actividades do pobo: Festas de Papá Noel e Entroido, Festa da Empanada, Festival Folclórico e todas as actividades realizadas no Centro.

Faltaba agora unha obra de mantemento que tiña carácter prioritario, a reparación do tellado. Non puido ser levada a cabo neste ano debido, sobre todo, ao seu custe económico, pero veremos como ben pronto, isto se ha arranxar tamén.